

EPÍSTOLA DO LOBO

Lentie epístola badana,
cabra enferma non é sana,
cabra mouca non ten cornos,
cabra cega non ten ollos.

Naquel monte de fraguín fragatis,
vin estar un cabrín cabratis,
asomado a un penedín penedatis.

Pasou por alí un lobín lobatis
e díxolle: —"Báixate, cabrín cabratis "

—Eu non me baixo baixaratis,
porque me comerín comeratis".

—"Eu non te comerín comeratis,
que fixen xuramento xuramentatis
de non comer carne nin carnatis
dende o mes de xulio ao de xuliatis".

E baixou o cabratis do penedín,
e pillouno o lobatis polo pescocín,
e botouno para un cabanquín,
e deixoulle o pescozo e a encarnadura.

¡Aleluia! ¡Aleluia!